



CONCELLO DE IRIXOA (A Coruña)

BASES DO I CONCURSO DE POSTRES CONCELLO DE IRIXOA

As bases polas que se rexerá o I Concurso de Postres de Entroido do Concello de Irixoa son as seguintes;

Primeira

Poderán participar todas as persoas interesadas e maiores de idade, cando cumpran os requisitos establecidos.

No caso de que un menor de idade queira participar no concurso deberá estar acompañado por un adulto que presentará o postre no seu nome.

Segunda

A participación no concurso deberá ser individual, non estando permitidas as participación colectivas, agás no caso establecido na anterior sección.

Valoraranse a presentación, a orixinalidade e o bo sabor dos postres presentados.

Terceira

Os postres deberán ter temática de entroido (filloas, orellas, rosquillas, etc) para conmemorar estas datas.

Cuarta

Aceptaranse ate un máximo de dúas presentacións por participante. No caso de que non houbera presentacións poderase declarar deserto o premio.

Quinta

Os concursantes podrán presentar os seus postres o día da celebración da Festa de Disfraces para Xuventude e Adultos, o día 4 de marzo a partir das 2300 horas no Campo da Festa de Irixoa.



CONCELLO DE IRIXOA (A Coruña)

Co obxecto de facer unha previsión dos participantes no concurso solicítase os interesados que avisen da súa participación poñéndose en contacto cos Servicios Sociais do Concello antes desta data.

Sexta

Deberán indicarse os datos persoais de cada participante: nome, apelidos, idade, teléfono e correo electrónico, de ser o caso, no momento da presentación das obras polo cal se cubrirá un modelo facilitado pola Administración no momento de presentarse cada participante.

Sétima

Entre todos os participates elixiranse **dous gañadores**, que recibirán:

Primeiro premio: vale agasallo por unha comida/cea nun dos restaurantes do término municipal. Por un importe cerrado previamente polo Concello.

Segundo premio: un vale regalo con valor de 50 € para gastar nos comercios do término municipal de Irixoa.

Oitava

O xurado estará formado polos componentes da orquestra que actúe na Festa de entroido e por outros participantes imparciais.

A animadora sociocultural, Maria Elisa Alonso Figueroa actuará de secretaria

Novena

Os fallos dos xurados realizanrase o mesmo día do concurso.

Valorarán a orixinalidade, a laboriosidade, podendo declararse deserto calquera premio se a xuízo do propio xurado non se reúnen os méritos suficientes.



CONCELLO DE IRIXOA (A Coruña)

A entrega de premios en todas as modalidades realizarase o mesmo día do concurso, tras a deliberación dos membros do xurado.

Décima

Os datos persoais serán tratados de conformidade coas bases do concurso, non cedendose ou comunicándose os mesmos a terceiros. As persoas participantes dan o seu consentimento para que o Concello de Irixoa poida usar fotografías ou outros medios de difusión das obras gañadoras con fin publicitarios.

Undécima.

A participación no concurso implica a aceptación destas bases. A decisión do xurado será inapelable.